

22 Gran Ouro para a D.O. Ribeira Sacra nas Distincións Gallaecia 2022

A **Asociación de Sumillers Gallaecia** dá a coñecer as Distincións Gallaecia 2022. Os viños distinguidos neste concurso son resultado dunha dobre cata, unha delas con viños de mercado para coñecer o viño que chega ao consumidor final. Todos os viños Distinguidos superaron o corte de 84 puntos (ficha cata O.I.V.). A publicación deixa un balance de 1.500 viños e destilados catados de máis de 500 adegas e destilarías (a totalidade das amparadas nas D.O. e IXP de viño de Galicia) e un total de máis de 2.000 referencias.

A **D.O. Ribeira Sacra** volve mellorar os resultados da anterior edición. Neste caso o **Medalleiro de Ribeira Sacra** queda con **22 Gran Ouro, 19 Ouro + (nova categoría), 154 Ouro e 43 Prata**.

Son Gran Ouro en **brancos**:

- Almalarga 2019
- Peza do Rei 2020

Os Gran Ouro en **tintos** son:

- Abadía da Cova Pena Fión 2018
- Abadía da Cova Xuno 2018
- Adegas Vella Tradición 2018
- Adobe 2019
- Algueira Carravel 2016
- Algueira Fincas 2017
- Cívidade José Verao 2018
- Don Bernardino Finca Mezquita 2016
- Expresión Histórica 2015
- Finca Pombeiras 2019
- Guela Os Queixeiros 2017
- Garoubas 2019
- Prómene Barrica 2018
- Prómene Singular 2020
- Ribera de los Naranjos 2018
- Sabatellus Carballo 2017
- Saíñas O Boliño 2019
- Vacamulo 2017
- Viña Peón 2020
- VS Cuco 2018



NOTA DE PRENSA 11 de febreiro 2021

Na presentación da **Guía de Viños Adegas e Destilados de Galicia 2022** participaron este venres na sede do C.R.D.O.R.S., os autores, Luis L. Paadín e Alejandro Paadín e o Presidente do C.R.D.O.R.S., José Manuel Rodríguez. Despois deste tempo de pandemia Luis L. Paadín analizaba o comportamento do consumidor de viño cunha tendencia a apostar polo noso, “O consumo de viño non se resentiu coa pandemia, aumentou, o que cambiou foi a forma de consumilo, consumir o viño na casa que creo é fantástico e nese sentido as adegas creo que teñen que revisar a forma en que se merca o viño, tamén a forma de consumilo. Vimos que de forma clara apostouse máis polo noso. Falando con adegas o que está claro é que os viños da Ribeira Sacra teñen unha aceptación moi marcada na contorna, creo que é a **D.O. galega onde se vive máis ese concepto de terroir desde un punto de vista de que culturalmente é un produto noso**. Terroir non é só suelo, clima e uvas, é tamén cultura porque tes interiorizado ese viño. Ribeira Sacra vende a Godello tan de moda agora e segue vendendo ese concepto de Mencía atlántica Ribeira Sacra a nivel de consumidor de aquí e de fóra, o que demostra que a xente está normalmente orgullosa dos nosos produtos.”

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribearasacra.org